

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

TEMA: IGUALDADE DE XÉNERO



O Equipo da Biblioteca do IES N° 1 de Ribeira convoca o presente concurso de fotografía coas seguintes

BASES DE PARTICIPACIÓN:

◆ **Participantes**

- ✓ Poderá participar todo o alumnado do centro.
- ✓ A participación no certame implica a aceptación íntegra destas bases.
- ✓ Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as fotografías presentadas ao concurso.

◆ **Fotografías**

- ✓ As fotografías deben adecuarse ao tema do concurso.
- ✓ Cada concursante poderá enviar dúas fotografías.
- ✓ As fotografías deberán ser orixinais e inéditas e non poden ter sido publicadas previamente en revistas, xornais, libros ou internet ou ter sido premiadas con anterioridade en ningún outro concurso fotográfico.
- ✓ Nelas non poderán aparecer caras de menores de idade, matrículas de coches, etc.
- ✓ A foto debe enviarse en formato **.jpg** ou **.png** cun máximo de **2 MB** e o nome do arquivo debe ser o mesmo que o título da foto. Poden ser en branco e negro ou en cor.
- ✓ As fotos poden editarse con calquera editor de imaxe.
- ✓ Non se admiten foto-montaxes con imaxes obtidas de internet.

◆ Limitacións

- ✓ Quedarán excluídas aquelas fotografías que inciten ao racismo, xenofobia, homofobia e calquera tipo de violencia, así como as que atenten contra a dignidade das persoas e dos animais, resulten ofensivas ou poidan ferir sensibilidades.
- ✓ Quedarán excluídas aquelas fotos que vulneren os dereitos de propiedade intelectual.

◆ Prazos e lugar de presentación

- ✓ O envío farase ao correo electrónico bibliotecaiesn1@gmail.com poñendo no asunto a referencia “**curso fotografía**”. No correo especificarase o nome e apelidos do autor/a e curso-grupo, así como o título da foto.
- ✓ O prazo de entrega finalizará o sábado **18 de novembro** ás **21:00** horas.

◆ Xurado

- ✓ O xurado estará constituído polo profesorado do Equipo de Biblioteca o do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e alumnado colaborador da biblioteca e do EDLG.
- ✓ O xurado valorará a mensaxe que transmite a fotografía, o grao de adecuación do mesmo ao obxectivo do concurso, o aspecto innovador, a calidade técnica e artística da obra, a creatividade e a orixinalidade .
- ✓ O xurado gárdase o dereito de aceptación das obras segundo se adecúen ou non á temática do concurso.

◆ Premio

- ✓ O fallo do xurado será comunicado ao longo do día **24 de novembro** ao autor/a. Do mesmo modo, difundirase esta información a través da web do centro e Instagram.
- ✓ Será concedido un premio de **75 €** que consistirá nun vale en material deportivo/informático/libros.
- ✓ O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se as obras non reúnen a calidade axeitada.
- ✓ As obras premiadas quedarán a disposición do Equipo de Biblioteca do centro, que se reserva o dereito de facer, no futuro, unha publicación ou actividades e traballos a partir delas. A propiedade intelectual e autoría será sempre do autor/a, polo que se fará constar sempre o seu nome.

